



<b>EXPEDIENTE</b>	SUBMINISTRO DE EMBARCACIÓN NEUMÁTICA TIPO ZODIAC PARA O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA.
<b>Nº DE EXPEDIENTE</b>	2019/ABSISUBMINISTRO/000003
<b>TRÁMITE</b>	RESOLUCIÓN DE INICIO

### RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE RÉXIME INTERIOR, CONTRATACIÓN E PROMOCIÓN DA CIDADE

Examinado a memoria xustificativa e informe de insuficiencia de medios promovendo o contrato que consta no expediente indicado na cabeceira, no que se xustifica a natureza e extensión das necesidades a satisfacer así como a idoneidade do obxecto e natureza do contrato para satisfacelas e a insuficiencia de medios nos termos que esixe o artigo 28.1, 30 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, que se asumen nesta resolución.

Considerando que está xustificada a necesidade de proceder a realizar un contrato de subministro para satisfacer as necesidades expostas no informe mencionado.

Resultando, que a realización do contrato de subministro mencionado na cabeira require acordo de inicio do órgano de contratación, que no Concello de Pontevedra é a Xunta de Goberno Local de conformidade co apartado cuarto da disposición adicional segunda da LCSP, se ben a dita competencia para iniciar expedientes delegouse nesta Concellería de Réxime Interior, Contratación e Promoción da Cidade, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de xuño de 2019.

Á vista do exposto, por delegación da Xunta de Goberno Local de data 15 de xuño de 2019 **RESOLVO:**

Primeiro.-Acordar o inicio do expediente do contrato de subministro que se menciona na cabeira desta resolución e considerar xustificada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden satisfacer no contrato así como a idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas.

<b>EXPEDIENTE DO CONTRATO DE SUBMINISTRO</b>	SUBMINISTRO DE ZODIAC DE PARA O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS 2019/ABSISUBMINISTRO/000003
<b>ORZAMENTO</b>	43.801,65 €
<b>IVE</b>	9.198,35 €
<b>ORZAMENTO TOTAL</b>	53.000,00 €
<b>PRAZO MÁXIMO ENTREGA</b>	4 MESES

Segundo.-Que se proceda a incorporar ao expediente os documentos que correspondan ata a formalización do contrato.

Pontevedra, na data que figura na sinatura electrónica.

